


PROGRAMACIÓN ESO
ÁREA DE PÁSTICA E VISUAL
IES. BASANTA SILVA-VILALBA-
CURSO 2007-2008



DATOS DO DEPARTAMENTO

No presente curso o Departamento componse de Jose Luis Carrasco Manso, xefe de departamento, Ana Belen Somoza Castro e Amparo Bermúdez González.

José Luis Carrasco Manso dará os seguintes cursos:

EPV 3ºESO.....3ºA
EPV 4ºESO.....4ºB/C
DEBUXO TÉCNICO 2º BACA/C

Ana Belen Somoza:

DEBUXO TÉCNICO 1º BAC.....1ºA

Amparo Bermúdez:

EPV 1ºESO.....1ºE
EPV 3ºESO.....3º/B/C/D/F/G
EPV 4ºESO.....4ºA/D

Sen embargo, ó non poder asumir todas as horas da asignatura o profesor José Fco. Fernández Martínez do departamento de matemáticas dará a asignatura de EPV no seguinte curso:

EPV 1º ESO.....1ºA/B/C/D

INTRODUCCIÓN

O primeiro que temos que considerar é o rol que xoga a Educación Plástica e Visual no presente sistema educativo. Efectivamente, vivimos nunha sociedade na cal a densidade de mensaxes que nos chegan polo canle visual é superior ó fluxo que percebemos por medio dos demais sentidos. As mensaxes visuais, dadas estas circunstancias, merecen un capítulo específico na formación do alumnado.

O que pretende o Departamento é que o alumno do noso instituto cando remate os seus estudos teña uns coñecementos o máis amplos posíbeis para poder facer fronte á sociedade e as suas mensaxes visuais cun carácter crítico, toda vez que sexa capaz de decifrar os códigos de comunicación visual que se empregan na mesma.

Falar de comunicación visual é referirse a un eido tan extenso como o que recolle as linguaxes gráficas e o mundo do deseño, o mundo da arte entendida no seu sentido máis tradicional: a publicidade, o cine, a televisión, a banda deseñada, o CAD, os programas gráficos, a realidade virtual, os videoxogos e a súa estética e un longo etcétera.

Querer abordar todos estes xeitos sería pecar de pretenciosos xa que cada un deles constitúe unha especialidade en si. Sen embargo, imos tentar dar ó alumno unha visión o suficientemente ampla, como para que sexa capaz de relacionar todos estes medios entrevedo aquelas características comúns que nos permiten falar da "linguaxe visual".

Antes de comezar a facer as programacións, o Departamento tivo en conta a que tipo de alumnos estaba dedicada cada unha das asignaturas.

O alumno de Primeiro Ciclo é un rapaz de doce anos de idade ó que, con dúas horas á semán, imos iniciar no mundo da plástica. Imos tentar dotalo dunha formación básica que recolla desde xeitos técnicos como son o uso dos materiais cun certo grao de limpeza ato o desenvolvemento de capacidades artísticas.

É de esperar que este alumno continuará no centro dentro dun par de anos e para entón, insistiremos nos aspectos psicolóxicos da percepción así como nos valores culturais das artes visuais. Do mesmo modo faremos continuidade cos contidos referentes a linguaxes técnicas adquiridas no primeiro ciclo. Esperamos que o alumno de 3º da ESO adquira neste curso os matices necesarios para “andar pola vida” no que as linguaxes plásticas se refere sempre tendo en conta que os coñecementos adquiridos neste curso teñen un carácter terminal para moitos deles.

Os alumnos de EPV de 4º da ESO supomos que son aqueles que senten certa predilección pola plástica e neste sentido esforzaremos en alimentar as súas inxuedanzas e profundar nos coñecementos adquiridos no ano anterior.

CONTRIBUCIÓN DA EDUCACIÓN PLÁSTICA Ó LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

Cultural e artística

- Coñecer, valorar e respectar as diferentes manifestacións culturais e artísticas, e aplicar os recursos e técnicas que lles son propios.

Comunicación lingüística

- Adquirir un vocabulario específico en relación ós diferentes axentes ou significantes plásticos.

Aprender a aprender

- Observar, descubrir e reflexionar co fin de adquirir información e documentación acerca das formas.
- Favorecer a reflexión sobre os procesos creativos.

Autonomía e iniciativa persoal

- Desenvolver a creatividade e favorecer iniciativas persoais baseadas na investigación e experimentación.
- Desenvolver estratexias de planificación, tendo presentes diferentes posibilidades creativas.
- Planificar os procesos creativos, sendo autocrítico cos resultados.
- Favorecer a creatividade e imaxinación na busca de formas, planificando o proceso creativo.

Coñecemento e interacción co mundo físico

- Observar e descubrir a relación entre o mundo natural e o artificial.
- Utilizar técnicas concretas para a descrición das formas corpóreas.
- Aplicar procedementos para o estudo e descrición do contorno.

Social e cidadá

- Traballar en equipo, achegando ideas, solucións e respectando as dos demais.
- Traballar en creacións plásticas, expresando vivencias e emocións.
- Coidar e conservar os materiais e instrumentos de debuxo e utilízalos convenientemente no proceso creativo.
- Traballar en equipo cooperando e sendo responsable dos actos.

Matemática

- Coñecer diferentes materiais e instrumentos de trazado técnico.
- Desenvolver capacidades e habilidades relacionadas co trazado xeométrico.

- Coñecer diferentes métodos xeométricos e utilízalos correctamente.
- Coñecer trazados xeométricos elementais para chegar a solucións máis complexas.
- Desenvolver capacidades abstractas co obxecto de entender como se aprecia e se representa a realidade espacial.
- Coñecer diferentes códigos científicos e matemáticos de representación de formas.

Información e competencia dixital

- Coñecer e adquirir capacidade no uso de medios tecnolóxicos concretos para o tratamento imaxe.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Para que os contidos sexan significativos, o alumno debe de atopar unha aplicación práctica a aqueles coñecementos teóricos que lle inculcou o profesor, neste sentido, despois das explicacións e exposición do tema, o alumno realizará un traballo - as mais das veces consistirá na execución dunha lámina na que se verán involucrados os mesmos.

Existe unha división, cremos que un tanto arbitraria, entre o que se ven chamando "debuxo técnico" e as actividades "artísticas". Se ben existe o debuxo como linguaxe obxectiva, tamén é certo que o mesmo ten unha calidade estética apreciabel se ben non é este o valor que tende a cubrir.

As linguaxes gráfico-técnicas chamadas "sistemas derepresentación", aínda que deben de ser precisas e aterse a normas universais, non supoñen unha coacción para a imaxinación creadora. Antes ben son un medio para realizar un proxecto creativo.

Por outra parte, os procedimentos que convimos en chamar "artísticos", deben de se realizar cun determinado rigor técnico e en moitas das ocasións, fan uso de recursos tales como as perspectivas.

O Departamento debe procurar en todo momento que o alumno atope un sentido estético e outro de, chamemos, carácter técnico a cada unha das súas realizacións.

En 1º da ESO o profesorado realizará unha proba inicial de avaliación.

Hai que ter en conta que é posíbel que o profesor coñeza ó grupo e saiba exactamente cal é o seu nivel de competencia curricular e considere que non é necesario realizar ditas probas dado o número de clases de que se dispón durante o curso.

É de desexar que sexa o propio alumno quen vaia adquirindo os coñecementos por medio da súa propia investigación. Dependendo das circunstancias e da natureza de cada un das obxectivas, unhas veces a investigación consistirá en verificar unha hipótese gráfica máis alá da intuición; en outras ocasións será el mesmo quen, orientado polo profesor, haberá de conseguir o obxectivo.

A maioría dos traballos serán de traballo individual en forma da realización dunha lámina. Sen embargo levaráanse a cabo algúns traballos en equipo consistentes en recollida de materiais para o aula ou de datos para a investigación.

A posta en común dos resultados obtidos tamén forma parte das actividades a realizar. O profesor insistirá no comentario dos traballos por parte do alumno para valorar as solucións individuais e potenciar a

autoestima. Ó mesmo tempo esixirase un respecto para o compañeiro por parte de toda a clase.

Pensamos que o alumno debe de aprender a expresar-se en pública e que esta actividade constitúe parte dos contidos ou eixos transversais .Con isto procuraremos que o alumno gañe confianza en se mesmo e sintase integrado no grupo.

Os recursos didácticos con que contamos son mais ben escasos.

Posuimos proyectores de diapositivas e de corpos opacos,un tórculo de gravado e auga corrente.Temos un ordenador e cámaras fotográficas tanto convencionais coma dixitais. Procurarase que o alumno coñeza e utilice un abanico o mais amplo posíbel de técnicas gráficas.

Como xa indicamos antes, os contidos de 1º e 3º da ESO ten continuidade e están pensados para que os do último curso sexan unha profundación nos do primeiro curso, neste sentido os temas están relacionados entre si, se ben se trata de niveis diferentes.

Un alumno de doce anos non é capaz de resistir coa atención centrada o mesmo espacio de tempo que outro de catorce ou quince anos. n Trata-se de que a asignatura sexa para eles coma un xogo que se ve compensado cos logros obtidos.

Procuraremos que prime o enfoque intuitivo fronte ao estudo teórico dos fundamentos dos sistemas de representación.

O profesor dará unhas directrices e os alumnos realizarán un traballo de carácter teórico ou técnico moi básico e despois realizarán láminas de carácter artístico nas que se vexan involucrados ditos contidos.

Ó finalizar un tema realizará-se un control que servirá de instrumento ó profesor para que os alumnos repasen un pouco. Estes controis tamén servirán de indicador para coñecer ata que punto se asimilaron os contidos. Se non hai tempo material, o control de tema se aplazará para o integrar no control de avaliación.

Para estimular a colaboración entre os compañeiros, realizarán-se traballos en equipo cando o tema o permita e as condicións obxectivas sexan propicias.

No caso de 3º da ESO a metodoloxía basearáse nos mesmos xeitos, se ben, o feito de dispor de pouco tempo fará que non podamos fixar os contidos coa cantidade de traballos que serían de esperar.

Os rapaces de catorce anos suponse que son mais maduros e que posúen unha maior capacidade de concentración polo que, as láminas, serán de maior dificultade e con unha densidade maior de contidos.

Igualmente realizarán controis e polas mesmas razóns expostas nos párrafos precedentes.

No caso de 4º da ESO, trátase dunha materia optativa e queremos que teña un carácter mais lúdico. Sen embargo, non podemos descuidar a formación de alumnos para o Bacharelato.

Pretendemos neste curso complementar os sistemas de representación dotar ó alumno da capacidade para poder "pasar" dunha a outra con relativa facilidade, pero non queremos descuidar o eido da expresión.

Un xeito da metodoloxía que queremos destacar é que en ningún momento o alumno realizará os traballos na casa sen o consentimento do profesor. Isto está orientado a evitar na medida do posíbel que algún familiar ou compañeiro realice as láminas por el.

Nos casos en que o alumno - é certo que algúns deles son algo lentos na execución - non tivese o tempo suficiente, poderase levar a lámina a casa para acabar. O Departamento considera que non é necesario mandar tarefas para casa aínda que os alumnos que o desexen poderán repetir algun traballo para mellorar a nota .

Finalmente os alumnos terán unha libreta de apuntes que presentarán ó profesor en cada avaliación a fin de comprobar ata que punto son capaces de extraer información. Neste caderno recolleráanse os conceptos teóricos e as demostracións gráficas de problemas abstractos.

AVALIACIÓN SISTEMÁTICA DAS APRENDIZAXES

Avaliacións parciais.

Pensamos que determinados valores deben de primar á hora de calificar aos alumnos. Entre estes, consideramos que os mais importantes son:

- A claridade conceptual; que o alumnos asimilara perfectamente os contidos e saiba manifestalo de forma coerente.
- A orixinalidade nas súas creacións; esta idea vai asociada á anterior xa que se o alumno a atinxido un obxectivo, é capaz de dar unha resposta propia e persoal ao assimilar plenamente o concepto.
- Limpeza na execución non só entendida coma xeito técnica se non tamén como efectividade intelectual á hora de se expresar .

O profesor, deberá de calificar desde o punto de vista do máximo respecto cara as ideas e particularidades do alumno sen fomentar en ningún momento a competitividade ou a imitación cega dos compañeiros. A as apreciacións formais, sumaranse as valoracións dos contidos expresados. Para avaliar ós alumnos o profesor calificará os traballos entregados sempre que cumpran os requisitos establecidos:

- Axustarse ó proposto polo profesor.
- Entregarse no prazo.

Si se considerase necesario, ó final de cada avaliación farase un examen, para fixar coñecementos teóricos que doutra forma quizás non quedasen debidamente asimilados.

Non obstante hai que facer unhas cantas salvidades; para aprobar unha avaliación, o comportamento do alumno calificarase cun 20% da nota e o 80% restante será as calificacións de exercicios, láminas e exámenes.

Caso de non cumprirse algún distos requerimentos o alumno será considerado non apto.

Avaliación final ordinaria.

A avaliación será contínua sempre e cando o alumno presentase todos os traballos, sen embargo, o profesor procurará avaliar o traballo total do curso conxuntamente cos intereses particulares do alumno e a súa situación.

Nen que dicir ten que os controis versarán sobre os contidos mínimos e que o profesor en casos especiais poderá considerar apto a un alumno con dificultades especiais en atención á diversidade.

Proba extraordinaria de setembro.

Para poder se presentar ós exames de setembro, o Departamento esixiralles ós alumnos a presentación dunha serie de láminas, nas que se recollerán os aspectos máis importantes e os contidos máis xerais.

O departamento concibe o estudo da plástica coma una práctica que debe de realizar o alumno no verán e, a forma de estudar é facer traballos neste caso.

Estes traballos suporán unha nota dun 50% a avaliar conxuntamente co control de Setembro.

Alumnos con asignaturas pendentes.

Os alumnos que escollan a asignatura de EPV de 4º da ESO, se aproban, consideraráselle recuperados da asignatura EPV de 3º xa que a asignatura ten un carácter progresivo.

Nos outros casos, por exemplo alumnos coa asignatura pendente de primeiro e que esten en segundo da ESO ou ben alumnos que non escolleron a EPV de 4º que é optativa, terán dereito a un examen no mes de Maio e outro no mes de Setembro.

A calificación se fará atendendo a uns traballos que o Departamento lles solicitará durante o curso, e o control teórico-práctico que se realizará nestas datas de Maio ou Setembro puntuándose cun 50 % o traballo de láminas e un 50% o control.

ACTIVIDADES EXTRAESCOARES

Para o presente curso, o Departamento de Plástica programou as seguintes actividades extraescolares:

3º ESO

- Exposición de carteis.
- Exposición de Técnicas mixtas.

4ºESO

- Exposición de Felicitacións de Nadal.
- Visita ó CGAC de Santiago.
- Exposición de anagramas do IES Basanta Silva

1º e 2ºBAC

- Excursión a Madrid.
- Dentro do proxecto COMENIUS, no que participa o departamento, realizaránse diversos traballos gráficos e visuais, así como una exposición de fotografías.

O desenvolvemento destas actividades en parte depende do programa e as disponibilidades dos organismos afectados.

OBXETIVOS XERAIS DA ÁREA DE PLÁSTICA

O ensino da Educación Plástica e Visual neste curso terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Observar, percibir, comprender e interpretar de forma crítica as imaxes do contorno natural e cultural, sendo sensible ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais.
2. Apreciar os valores culturais e estéticos, identificando, interpretando e valorando os seus contidos; enténdelos como parte da diversidade cultural, contribuíndo ao seu respecto, conservación e mellora.
3. Comprender as relacións da linguaxe plástica e visual con outras linguaxes e elixir a fórmula expresiva máis axeitada en función das necesidades de comunicación.
4. Expresarse con creatividade, mediante as ferramentas da linguaxe plástica e visual e saber relacionalas con outros ámbitos de coñecemento.
5. Utilizar a linguaxe plástica para representar emocións e sentimentos, vivencias e ideas, contribuíndo á comunicación, reflexión crítica e respecto entre as persoas.
6. Utilizar as diversas técnicas plásticas e visuais e as tecnoloxías da información e a comunicación para aplicalas nas propias creacións.
7. Representar corpos e espazos simples mediante o uso da perspectiva, as proporcións e a representación das calidades das superficies e o detalle, de maneira que sexan eficaces para a comunicación.
8. Planificar e reflexionar, de forma individual e cooperativamente, sobre o proceso de realización dun obxecto partindo duns obxectivos prefixados e revisar e valorar, ao final de cada fase, o estado da súa consecución.
9. Relacionarse con outras persoas participando en actividades de grupo con flexibilidade e responsabilidade, favorecendo o diálogo, a colaboración e a comunicación.

OBXETIVOS

- Percibir e interpretar a linguaxe visual como medio de comunicación e expresión, diferenciando as distintas funcións que adopta a mensaxe.
- Apreciar, diferenciar e asociar as cores fundamentais na natureza e no medio urbano, analizando a súa xénese a partir dos pigmentos e utilizando os seus valores expresivos nas súas producións plásticas.
- Observar e describir as formas do ámbito analizando as súas calidades espaciais e volumétricas.
- Identificar as distintas manifestacións artísticas tridimensionais e en particular a escultura.
- Elaborar composicións plásticas utilizando a simetría e o ritmo como elementos plásticos de organización da obra.
- Explorar as posibilidades que permiten os distintos procedementos e técnicas bidimensionais e tridimensionais, utilizándoos na realización de producións propias.
- Realizar composicións plásticas utilizando todos os recursos ao seu alcance.
- Planificar, individualmente e en grupo, as fases do proceso de creación e realización dunha obra ou proxecto plástico visual.
- Apreciar e respectar outros modos de expresión visual e plástica distintos do propio.
- Esforzarse pola realización dos traballos plásticos con precisión e limpeza, así como no coidado dos materiais.

OS CONTIDOS

Tema 1:A forma

- Concepto e percepción da forma.
- Composición das formas.
- Clases e interpretación das formas.
- Formas naturais, regulares e irregulares.
- Formas artificiais, regulares e irregulares.
- Formas bidimensionais.
- Formas tridimensionais.
- O encaixado e a simetría.
- Contorno, ámbito e dintorno.

Tema 2: O volume

- Concepto e representación do volume.
- Descubrimos o volume.
- Formación de volumes.
- O claroscuro.
- O volume e o plano.
- Volume interior e exterior.
- A liña e o volume.
- O volume e a cor.
- A luz e o volume.
- O volume translúcido.
- Efectos de volume.

Tema 3: A cor

- Concepto e obtención da cor.
- Calidades da cor.
- Combinación e peso da cor.
- A expresión mediante a cor.
- A luz e a sombra.
- A luz e a cor.
- A cor pigmento.
- Cores primarias e secundarias.
- A temperatura da cor.

Tema 4: A textura

- A textura e a súa representación.
- Descubrir e percibir a textura.
- A textura na arte e no deseño.
- A creatividade e a textura.
- A textura natural.
- A textura artificial.
- Calidades da textura.
- A textura visual.
- A textura táctil.

Tema 5: A representación dos obxectos no espazo

- A perspectiva e a profundidade.
- Recursos para crear perspectivas.
- Sistemas de perspectiva.
- Aplicacións da perspectiva.
- A proporción relativa.
- A distancia, o tamaño e a cor.
- A proporción, o tamaño e a distancia.
- O punto de observación.
- A proximidade e a distancia.

Tema 6: Representación do ámbito

- O ámbito natural e o artificial.
- A materia inerte.
- A materia viva.
- A figura humana.
- Técnicas para representar unha imaxe.
- A imaxe estética e a antiestética.

Tema 7: O debuxo técnico

- Trazado de paralelas e perpendiculares.
- Trazado dunha perpendicular a unha recta dende un punto exterior e recta paralela.
- División dun segmento en dúas partes iguais.
- Trazado de figuras iguais e semellantes.
- Trazado de polígonos regulares.
- Construción dun triángulo equilátero.
- Construción dun pentágono e dun hexágono regulares.

- Aplicación das tanxencias.
- Construción dun ovoide de eixe menor.

ORGANIZACIÓN DOS CONTIDOS E CRITEROS DE AVALIACIÓN

Os seis primeiros temas de carácter máis artístico e práctico ocuparánnos as dúas primeiras avaliacións, explicando tres temas por avaliación. O tema 7, que se refire ó debuxo técnico traballarase durante toda a terceira avaliación.

O profesor, como é lóxico, se reserva a posibilidade de ir modificando os contidos para adaptalos ó alumnado e que éste realice as actividades fundamentais.

Alguns dos contidos requirirán máis dun traballo mentres que nunha soa lámina pode que se vexan reflectidos varios contidos .

Tema 1: A forma.

1ª avaliación (6 sesións)

- ¿É capaz de debuxar un polígono regular inscrito nunha circunferencia?
- ¿ É capaz de dividir a circunferencia en partes iguais utilizando bisectrices de ángulos?.
- ¿ É capaz de debuxar un triángulo, cuadrilátero ou polígono sinxelo?
- ¿ Aplica os seus coñecementos de polígonos e división da circunferencia ás súas propias creacións?.
- ¿ Utiliza correctamente os plantillas e o compás?.
- ¿ É creativo á hora de expresar as súas ideas?
- ¿ Utiliza correctamente os elementos que dan profundidade espacial? Distingue perfectamente cales son estes elementos?.
- ¿ Realiza os seus traballos cunha mínima de limpeza?.

Tema 2: O volume

1ª avaliación (6 sesións)

- ¿Recoñece a simetría na constituición formal dos seres vivos? Distingue entre as simetrías axial e radial?.
- ¿ É capaz de organizar un volume desentrañando a súa estrutura xeométrica?.
- ¿É coherente á hora de aplicar as sombras nun debuxo sinxelo atendendo á dirección do feixe luminoso?.
- ¿Recoñece e valora o carácter expresivo da iluminación?.
- ¿Recoñece os volumes xeométricos básicos e distíngueos entre si?.
- ¿É capaz de se axustar a unha pauta xeométrica para debuxar un volume dándolle sentido de profundidade?.
- ¿Distingue a planta, o alzado e o perfil dunha peza? .,Distingue as posicións

relativas dos volumes en si?.

- ¿Aplica os coñecementos adquiridos aos seus propios debuxos?.
- ¿É capaz de aplicar unha escala sinxela a un modelo?.
- ¿Valora a utilidade dos sistemas de representación?.
- ¿Realiza os seus traballos con un grao aceptable de limpeza e

Tema 3: A cor

1ª avaliación (6 sesións)

- ¿Coñece e distingue o que cores son primarias e secundarias na síntese sustractiva?.
- ¿É capaz de realizar unha gama de 12 matices no círculo cromático?.
- ¿Sabe que cores son as complementarias e é capaz de facelas ?.
- ¿Coñece as cualidades expresivas elementais da cor?.
- ¿Utiliza as cores de forma estereotipada ou é capaz de se mostrar imaxinativo no uso das mesmas?.
- ¿Valora con respecto as obras de arte de outros grupos e culturas así como os traballos dos seus compañeiros?.
- ¿Comunica as súas ideas con claridade aos demais?.
- ¿Realiza os seus traballos con un grao aceptábel de limpeza e corrección?.

Tema 4: A textura

2ª avaliación (6 sesións)

- ¿Coñece as cualidades expresivas elementais da textura?.
- ¿Distingue entre texturas orgánicas, inorgánicas, regulares e irregulares?.
- ¿Utiliza texturas varias nos seus traballos para obter resultados expresivos?.
- ¿Utiliza as texturas e cores de forma estereotipada ou é capaz de se mostrar imaxinativo no uso das mesmas?.
- ¿Valora con respecto as obras de arte de outros grupos e culturas así como os traballos dos seus compañeiros?.
- ¿Comunica as súas ideas con claridade aos demais?.
- ¿Realiza os seus traballos con un grao aceptábel de limpeza e corrección?.

Tema 5: A representación dos obxectos no espazo

2ª avaliación (6 sesións)

- ¿Coñece os elementos fundamentais dos sistemas de representación espacial?
- ¿Recoñece os elementos da Perspectiva Cónica?. ¿É capaz de os sinalar nunha fotografía?.
- ¿É respectuoso co seu entorno cultural e valora o patrimonio artístico?.

Tema 6: Representación do ámbito.**2ª avaliación (6 sesións)**

- ¿ Distingue os elementos significativos da comunicación?
- ¿Recoñece as figuras retóricas nas mensaxes visuais?
- ¿É capaz de dar respostas imaxinativas a problemas de comunicación visual?
- ¿Aplica a cor con criterios propios da comunicación visual e de forma imaxinativa ou reproduce esquemas estereotipados?.
- ¿Recoñece e valora as opinións dos demais?
- ¿Coñece o seu patrimonio cultural, apréciao e o valora?.
- ¿Realiza os seus traballos con un grao aceptábel de limpeza?.

Tema 7: O debuxo técnico**3ª avaliación (15 sesións)**

- ¿É capaz de debuxar un polígono regular inscrito nunha circunferencia?
- ¿ É capaz de dividir a circunferencia en partes iguais utilizando bisectrices de ángulos?.
- ¿ É capaz de debuxar un triángulo, cuadrilateiro ou polígono sinxelo?
- ¿ Aplica os seus coñecementos de polígonos e división da circunferencia ás súas propias criacións?.
- ¿Utiliza correctamente os plantillas e o compás?.
- ¿ É creativo á hora de expresar as súas ideas?
- ¿ Utiliza correctamente os elementos que dan profundidade espacial?
- ¿ Distingue perfectamente cales son estes elementos?.
- ¿ Realiza os seus traballos cunha mínima de limpeza?.

OBXETIVOS

- Observar, percibir e interpretar correctamente todo tipo de mensaxes visuais do contorno.
- Utilizar os elementos conformadores da linguaxe plástica e visual co fin de enriquecer as súas posibilidades expresivas e comunicativas.
- Observar, comprender e analizar as formas captando as súas calidades formais e estéticas, tanto superficiais como internas.
- Comprender e analizar as diferentes relacións que se dan entre os elementos da linguaxe visual e plástica, así como a súa relación con outras linguaxes.
- Representar as formas no plano dun xeito obxectivo e convencional.
- Gozar coa realización das súas producións, valorando a linguaxe plástica e considerándoa unha actividade gratificante e de benestar persoal.
- Respetar e apreciar as producións dos demais, aínda que non estean de acordo cos seus gustos, superando posicións estereotipadas.
- Valorar a constancia no traballo para encontrar mellores solucións gráfico-plásticas para expresar as súas emocións, sentimentos e ideas.
- Interpretar formas no plano de xeito obxectivo e convencional.
- Apreciar o feito artístico nas manifestacións cotiás en imaxes e formas.
- Valorar e apreciar o material, poñendo coidado na súa limpeza e mantemento para que se adapte mellor ás súas esixencias creativas.

OS CONTIDOS

Tema1: A linguaxe visual e a comunicación

- A percepción.
- A comunicación na sociedade.
- Características da imaxe.
- A imaxe e as súas finalidades.

Tema 2: Elementos visuais da linguaxe plástica

- Concepto de punto.
- As calidades do punto.
- Concepto de liña.
- As calidades da liña.
- Concepto de plano.
- As calidades do plano.
- Concepto de mancha.
- As calidades da mancha.
- Trazados lineais básicos.
- O punto e a cor.
- A liña e a cor.
- A liña e o volume.
- O punto plástico e o volume.
- Trazado de liñas, puntos e manchas sobre o plano.

Tema 3: A forma e a estrutura

- Concepto de forma.
- As calidades da forma.
- Concepto de módulo.
- As calidades dos módulos.
- Relacións de proporción na figura humana.
- A estrutura interna da forma.
- Concepto de textura.
- As calidades da textura.
- Módulos e redes modulares.

Tema 4: A cor

- Concepto de cor.

- A síntese aditiva.
- A cor pigmento.
- A cor na imaxe.
- As relacións da cor.
- As dimensións da cor.
- O valor psicolóxico da cor.
- A cor no contorno.
- A luz natural e a luz artificial.
- A luz e a sombra.

Tema 5: A composición

- Concepto de composición.
- A calidade compositiva.
- As leis compositivas.
- A proporción.
- A proporción, o tamaño e a distancia.
- A simetría compositiva.
- O equilibrio na composición.
- A cor e a luz na composición.
- A xeometría na composición.
- O centro de interese.
- O punto de observación.
- A proximidade e a distancia.
- Distancia, tamaño e cor.

Tema 6: A expresión e os medios no proceso de creación

- A expresión persoal e a súa evolución.
- A realidade do debuxo.
- Técnicas para representar unha imaxe.
- A imaxe antiestética.
- A imaxe estética.
- A descrición.
- O punto de vista e o encadramento.
- O guión cinematográfico.
- A fotomontaxe.
- A publicidade directa.

Tema 7: O debuxo técnico

- Trazado de rectas tanxentes exteriores comúns a dúas circunferencias dadas.

- Trazado de circunferencias de raio r , tanxentes exteriores e interiores a dúas circunferencias dadas.
- Construción dun óvalo a partir dos seus eixes.
- Construción de pentágonos regulares dados o raio e o lado.
- Trazado de polígonos regulares.
- Construción do heptágono regular dados o raio e o lado.
- Obtención de escalas e a súa aplicación.
- O sistema diédrico.
- Proxección de figuras planas e volumétricas por medio do sistema diédrico.
- Proxección de corpos isometricamente e axonometricamente.
- A perspectiva cabaleira.
- A perspectiva cónica.
- A perspectiva cónica frontal.
- A perspectiva cónica oblicua.

ORGANIZACIÓN DOS CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os seis primeiros temas de carácter máis artístico e práctico ocuparánnos a segunda e terceira avaliación, explicando tres temas por trimestre. O tema 7, que se refire ó debuxo técnico traballarase durante toda a primeira avaliación.

O profesor, como é lóxico, se reserva a posibilidade de ir modificando os contidos para adaptalos ó alumnado e que éste realice as actividades fundamentais.

Alguns dos contidos requirirán máis dun traballo mentres que nunha soa lámina pode que se vexan reflectidos varios contidos .

Tema1: A linguaxe visual e a comunicación. 2ª avaliación (6 sesións)

- ¿ Distingue os elementos significativos da comunicación?
- ¿Recoñece as figuras retóricas nas mensaxes visuais?
- ¿É capaz de dar respostas imaxinativas a problemas de comunicación visual?
- ¿Aplica a cor con criterios propios da comunicación visual e de forma imaxinativa ou reproduce esquemas estereotipados?.
- ¿Recoñece e valora as opinións dos demais?
- ¿Coñece o seu patrimonio cultural, apréciao e o valora?.
- ¿Realiza os seus traballos con un grao aceptábel de limpeza?.

Tema 2: Elementos visuais da linguaxe plástica 2ª avaliación (6 sesións)

- ¿ Valora e aprecia as distintas técnicas de expresión plástica?.
- ¿Utiliza con desenvoltura as técnicas das ceras, os rotuladores e as témperas?.
- ¿É imaxinativo no uso das técnicas anteriores?.
- ¿Relaciona correctamente as partes e o todo e é capaz de facer medicións e adecuarlas ao formato de que dispón?.
- ¿Distingue os eixos fundamentais e é capaz de geometrizar as formas da natureza?
- ¿ Valora o patrimonio cultural e aprecia os medios de expresión de outros grupos culturais?.
- ¿Recoñece e valora as opinións dos demais?
- ¿Realiza os seus traballos con un grao aceptable de limpeza?.

Tema 3: A forma e a estrutura 2ª avaliación (6 sesións)

- Distingue entre figuración, deformación e abstracción separando os valores estéticos da representación?

- ¿É capaz de distinguir a estrutura dun obxecto sinxelo?.
- ¿Recoñece os eixos dos corpos e utilízalos nos seus debuxos para dar consistencia ás formas?.
- ¿Sintetiza a imaxe apoiándose no cubo, o cilindro o cono e a esfera?
- ¿É capaz de realizar un encaixe dunha forma sinxela?.
- ¿Realiza as súas composicións de forma equilibrada atendendo á lei da balanza?.
- ¿Sombrea os seus volumes de forma coherente coa fonte de luz?.
- ¿É capaz de distinguir as sombras propias do obxecto daquelas que son proxectadas sobre outros elementos?.
- ¿Valora as obras de arte non figurativas polos seus valores estéticos independentemente das súas preferencias?.
- ¿Respecta as opinións e obras dos demais?
- ¿Expresase con un mínimo de limpeza e corrección?.

Tema 4: A cor

3ª avaliación (6 sesións)

- ¿Posúe unha noción básica das cualidades expresivas da cor?
- ¿Aplica estes coñecementos na elaboración das súas propias mensaxes?
- ¿Recoñece unha obra do estilo impresionista?.
- ¿Recoñece unha obra en chave expresionista?.
- ¿É capaz de interpretar unha obra para refacela en chave xilográfica?.
- ¿Valora as obras de arte dos distintos estilos sexan estes clásicos, primitivos ou vangardistas?
- ¿Respecta as ideas e opinións dos demais?.
- ¿Valora o seu propio patrimonio cultural?.
- ¿Exprésase cun mínimo de limpeza e corrección?.

Tema 5: A composición

3ª avaliación (6 sesións)

- ¿Posúe un concepto básico da tanxencia entre circunferencias e rectas ou entre as circunferencias entre si?.
- ¿Aplica as tanxencias correctamente nas súas creacións?.
- ¿É capaz de realizar unha composición a partir dunha proposta esquemática?
- ¿Ten un concepto claro de escala? . ¿É capaz de realizalas?
- ¿A partir dun modelo realiza outro a unha escala de redución ou de ampliación?.
- ¿Distingue os feitos diferenciais mínimos dun modelo aínda que non sexa capaz de os debuxar convincentemente?
- ¿Realiza o debuxo dunha figura humana de acordo coas normas da proporción?.
- ¿Respecta as opinións e os resultados dos demais compañeiros?
- ¿É limpo e claro na execución dos seus traballos?.

Tema 6: A expresión e os medios no proceso de creación

3ª avaliación (6 sesións)

- ¿Distingue ao menos entre os catro planos fundamentais?.
- ¿ Utiliza a planificación coherentemente á hora de se expresar ?.
- ¿É capaz de ceiar a partir de imaxes estáticas unha estrutura narrativa?.
- ¿ Expresase con liberdade e de forma imaxinativa?.

Tema 7: O debuxo técnico

1ª avaliación (15 sesións)

- ¿É capaz de resolver problemas de triángulos e polígonos regulares sinxelos?
- ¿Distingue os elementos fundamentais das tanxencias?
- ¿É capaz de trazar a tanxencia entre unha circunferencia e dous elementos mais?
- ¿Debuxa un ovoide ou un óvalo a partir das medidas dos eixos?
- ¿Aplica os contidos teóricos da xeometria aos deseños gráficos de forma coherente e imaxinativa?
- ¿Coñece os elementos fundamentais dos sistemas de representación espacial?
- ¿Debuxa o punto, a liña e o plano en Sistema de Planos Acotados a partir das coordenadas ?
- ¿Debuxa o punto, a liña e o plano en Sistema Diédrico a partir das coordenadas e os eixos?
- ¿Debuxa o punto, a liña e o plano en Sistema Axonométrico a partir das coordenadas e os eixos?
- ¿Recoñece os elementos da Perspectiva Cónica?. ¿É capaz de os sinalar nunha fotografía?.
- ¿Utiliza os Sistemas de representación espacial para se expresar con limpeza e corrección?.
- ¿Utiliza os Sistemas de representación espacial para se expresar de forma imaxinativa?.
- ¿É respectuoso co seu entorno cultural e valora o patrimonio artístico?.

OBXETIVOS

- Apreciar e interpretar con espírito crítico as diversas clases de imaxes e os seus elementos caracterizadores.
- Coñecer e respectar os diversos modos de expresión e comunicación visual, superando convencionalismos.
- Percibir, observar, valorar e interpretar as mensaxes visuais do contorno, recoñecendo as súas formas básicas e complexas.
- Desenvolver a capacidade creativa para expresarse correctamente coa linguaxe visual gráfico-plástica.
- Comprender as relacións da linguaxe visual e plástica con outras linguaxes, así como coas novas tecnoloxías, adaptándoas ás súas posibilidades e necesidades expresivas.
- Representar correctamente formas, aplicando diferentes métodos descritivos.
- Planificar conxuntamente diferentes procesos de realización de obras, adoptando actitudes positivas e desterrando todo signo de intolerancia ou discriminación.
- Valorar e apreciar as producións dos demais aínda que difiran dos gustos propios, educando a sensibilidade.
- Aumentar os recursos expresivos para encontrar mellores e axeitadas solucións plásticas, apreciando as posibilidades que ofrece a investigación dos procedementos e técnicas.
- Valorar e apreciar o material, propio e da aula.

OS CONTIDOS

Tema 1: Procesos comúns á creación artística

- Realización e seguimento do proceso de creación.
- Bosquexo, guión, presentación final e avaliación dun proxecto.
- Utilización das tecnoloxías da información e a comunicación nas propias producións.
- Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa.
- A linguaxe visual e plástica na representación persoal de ideas.
- Iniciativa, creatividade e imaxinación.
- Interese pola busca de información e constancia no traballo.
- Autoesixencia na superación das creacións propias.

Tema 2: Expresión plástica e visual

- Técnicas de expresión gráfico-plástica: debuxo artístico, volume e pintura.
- Técnicas de gravado e reprografía.
- Realización de experiencias de experimentación con materiais diversos.
- Recoñecemento e lectura de imaxes de diferentes períodos artísticos.
- Interese pola busca de materiais, soportes, técnicas e ferramentas para conseguir un resultado concreto.

Tema 3: Artes gráficas e o deseño

- Os valores funcionais e estéticos nas artes aplicadas: fundamentos do deseño.
- Técnicas de expresión gráfico-plásticas aplicadas ao deseño.
- Sintaxe das linguaxes visuais do deseño e a publicidade.
- Recoñecemento e lectura de imaxes do ámbito do deseño e a publicidade.

Tema 4: Imaxe e son

- Técnicas de expresión gráfico-plásticas aplicadas á animación e interactividade.
- Recoñecemento e lectura de imaxes de vídeo e multimedia.
- Sintaxe da linguaxe cinematográfica e videográfica.
- Aplicación da imaxe animada en formas multimedia.

Tema 5: Descrición obxectiva de formas

- Técnicas de expresión gráfico-plásticas: descrición obxectiva das formas.
- Ámbitos de aplicación dos sistemas de representación.
- Normalización.
- Recoñecemento e lectura de representacións bidimensionais de obras arquitectónicas e urbanismo e de obxectos e artefactos técnicos.

CRITEROS DE AVALIACIÓN

- Analiza as imaxes segundo os elementos básicos que as constitúen.
- Utiliza os elementos configurativos de liña, cor e textura adecuándoos á forma.
- Diferencia e utiliza a cor e as súas gamas na natureza e no contorno e coñece a simbología e os significados da cor.
- Analiza a estrutura de formas da natureza.
- Representa formas xeométricas e diseña composicións modulares sobre redes poligonais.
- Diseña composicións buscando distintas alternativas na organización das formas.
- Diseña composicións segundo o seu gusto persoal e valorando a creatividade.
- Valora o esforzo que supón a realización dun traballo plástico e detense na súa planificación.
- Representa unha forma tridimensional a través das súas vistas fundamentais.
- Representa a sensación espacial dun plano, utilizando como recurso distintos tipos de perspectiva.
- Recoñece distintos tipos de soportes e técnicas de expresión gráfico-plásticas.
- Realiza un proxecto, seleccionando entre as distintas linguaxes visuais, a máis axeitada ás súas necesidades de expresión.
- Utiliza correctamente as técnicas gráficas segundo diversas intencións comunicativas.
- Valora o proceso de creación nas artes visuais, analizando obras de distintas épocas e estilos.
- Comenta obras de arte de todas as épocas, destacando os seus valores creativos.

Nota:

As programacions de 1º e 2º de BAC non sufren modificacións con respecto o curso pasado 2006-2007. Os contidos e o temario segue sendo o mesmo -aprobadado pola Consellería de Educación- O departamento remítese a dita programación para calquer consulta, aclaración o dúbida.

Non obstante hai que facer unhas cantas salvidades en 1º BAC cón respecto as avaliacións parciais. Para aprobar a avaliación seguirase o seguinte criterio: o examen calificarase cun 30% da nota, sempre que acade como mínimo un 3, as láminas serán un 20% e os exercicios representarán o 50% restante. Caso de non cumprirse algún distos requerimentos o alumno será considerado non apto.

O xefe de Departamento e membros:

